

Xornadas sobre a Administración e os medios de comunicación social

EGAP, Santiago de Compostela, 19 e 20 de maio de 1997.

Avogado.
Balseiro da EGAP

José Ricardo Pardo Gato

Os medios de comunicación social xogan, nos nosos días, un papel fundamental dentro da sociedade. Son, por un lado, o contrapeso do poder político que exercita un papel de crítica ó poder establecido, que loita contra os abusos deste; pero por outro lado, en canto “cuarto poder” como se considera, pode ser pola súa vez fonte de abusos. É por iso moi difícil poñerlle limitacións ó seu exercicio, sen cerna-lo propio dereito fundamental de información. Trátase, pois, dunha batalla de equilibrios.

O artigo 20.1 d) da Constitución española constitúe un punto de partida do que non pode ser alleo o mundo do dereito público, en canto que se regula un recoñecemento expreso dun dereito fundamental e liberdade pública, tal é a liberdade ou o dereito de información.

Organizadas pola Escola Galega de Administración Pública, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, tiveron lugar os días 19 e 20 de maio de 1997, no salón de actos da EGAP, unhas concorridas "Xornadas sobre a Administración e os medios de comunicación social", as cales tiñan por obxecto estudar, dende unha perspectiva variada, as distintas vertentes e influencias que no horizonte actual e no futuro ofrecen e ofrecerán os medios de comunicación social¹.

A dirección das xornadas correu a cargo de D. Xosé López García, decano da facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela, e de D. Domingo Bello Janeiro, director da EGAP, quen levou a cabo a súa presentación facendo fincapé no seu interese e transcendencia.

D. Dositeo Rodríguez Rodríguez, conselleiro da Presidencia e da Administración Pública da Xunta de Galicia, na inauguración das xornadas, salientou a notable relevancia que adquiren os medios de comunicación e información e, en particular, os gabinetes de comunicación das diferentes administracións, na actual realidade social e política.

■ O primeiro relatorio, titulado "Televisión e servicio público: perspectivas de futuro", desenvolveuno D. Germán Fernández Farreres, catedrático de dereito administrativo da Universidade Complutense de Madrid.

Despois de matizar que o obxecto da súa intervención non era outro senón o de reflexionar criticamente sobre a conveniencia e a razoabilidade mesma de articular a ordenación xurídica da televisión sobre a premisa de que estamos en presenza dun servicio público estatal, iniciou a devandita intervención cunha consideración xeral acerca do actual marco normativo regulador da televisión en España, e manifestou que adoece de gravísimas deficiencias. Dende este punto de vista, dispoñemos dunha normativa que presenta excesiva dispersión así como falta de homoxeneidade e, asemade, resulta insuficiente e inadecuada para responder ás cada vez máis complexas circunstancias nas que se desenvolve o sector da comunicación audiovisual. Trátase, ademais, dunha regulación asentada na declaración da televisión como servicio público esencial de titularidade do Estado que, regulamentada polo artigo 1.2 da Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto da radio e a televisión, e posteriormente reiterada por outras normas, marcou decisivamente o sentido e o alcance desa regulación.

Algunhas das causas que orixinaron esta situación son evidentes. Polo de pronto, o lexislador actuou a remolque dos

¹ Vid., "Xornadas sobre comunicación social", realizadas do día 3 ó 8 de outubro de 1994 en Pontevedra, facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo.

acontecementos, perante feitos consumados, non anticipou solucións e mantivo unha actitude conservadora, empeñado en defender en todo caso o monopolio público da televisión.

Así mesmo, os sucesivos gobernos da nación estiveron interesados en que perdurase esa situación de monopolio e cando esta quedou en parte superada e se lle abriu paso á xestión indirecta do servizo público da televisión por particulares, parece que non tiveron outro obxectivo senón o de conservar a privilexiada posición da televisión estatal.

O labor xurisprudencial tampouco foi brillante. Singularmente, o Tribunal Constitucional nesta materia avalou sistematicamente, con sorprendente interese e un tanto acriticamente, unha situación normativa e unha práctica administrativa dificilmente coonestables co recoñecemento pola súa propia xurisprudencia de que o dereito á liberdade de información comprende tamén o dereito a crear e dispoñer dos correspondentes medios instrumentais de que se serve a información audiovisual.

A necesidade dunha profunda reforma no ámbito da ordenación xurídica da televisión resulta, en consecuencia, incuestionable.

O réxime xurídico da televisión queda enmarcado no ordenamento xurídico español pola declaración da televisión como un servizo esencial, a titularidade do cal lle corresponde ó Estado (artigo 1.2 ERTV). Declaración que se efectuou ó abeiro do artigo 128.2 da Constitución e que no Preámbulo do ERTV se xustifica en que a televisión *é un vehículo esencial de información e participación política dos cidadáns, de formación da opinión pública, de cooperación co sistema educativo, de difusión da cultura española e das súas nacionalidades e rexións, así como medio capital para contribuír a que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas, con especial atención á protección dos marxinados e á non discriminación da muller.*

Deste xeito, a principal consecuencia anoada a esa reserva estatal é que a televisión se configurou como unha actividade excluída do ámbito de dispoñibilidade dos particulares e crebou as liberdades de información e de mercado constitucionalmente garantidas nos artigos 20.1.d) e 38 da Constitución, xa que a devandita reserva implica a monopolización *de jure* da actividade televisiva.

A xurisprudencia constitucional, pola súa banda, aceptou esta situación non sen grandes constraicións e axudou moi pouco a clarificar-lo panorama normativo; limitouse a manter-lo *statu quo* resultante desa declaración de servizo esencial.

As dificultades que xerou esa reserva da televisión a favor do Estado plasmáronse tamén na propia articulación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de televisión e na fixación do propio réxime xurídico das televisións autonómicas, situadas na encrucillada de configurárense como unhas televisións propias ou como unhas televisións outorgadas, en réxime de concesión estatal.

Por outra banda, a estrutura e a organización do sector televisivo no seu conxunto arrastra tamén defectos importantes. A organización do ente público Radio Televisión Española e da Sociedade Estatal TVE, así como as similares organizacións dos entes públicos autonómicos e, sobre todo, os mecanismos de control das súas actuacións, non parecen os máis idóneos.

Se pasamos xa a outras cuestións, o relator indicou a especial gravidade que presentan dous aspectos que se atopan directamente relacionados: os contidos televisivos e o financiamento das televisións, tanto públicas coma privadas.

O tema dos contidos televisivos acaba por ser inseparable do financiamento e dos medios económicos das empresas de televisión. Problema este que non está resolto ou, se se quere, problema que se resolveu mal. As televisións privadas, malia a súa condición de concesionarias e xestoras formalmente dun servicio público, non dispoñen do réxime de financiamento ou remuneración característico dos concesionarios dos servicios públicos, nos que os usuarios aboan as correspondentes tarifas fixadas pola Administración, deste xeito esta debe, en caso de insuficiencia das devanditas ou, mesmo, de inexistencia, remunerarlle ó xestor-concesionario mediante as oportunas compensacións económicas. Nada disto acontece, nembargantes, coas concesionarias de televisión, incluída a de acceso restrinxido para os abonados a ela (Canal Plus). En consecuencia, a remuneración procede dos ingresos comerciais e rendementos que se obteñan da venda de produtos audiovisuais e, sobre todo, da publicidade.

O singular é que as fontes de financiamento da televisión son as mesmas sempre que as funcións asignadas a ela non se separen abertamente das que asumen as televisións privadas concedidas. Isto non é posible facelo mentres non se rectifique a cualificación de todas elas como xestoras dun mesmo e único servicio público estatal. O dereito da competencia e singularmente a prohibición de axudas estatais ás empresas públicas, salvo que concorra o suposto do artigo 90.2 do Tratado da Unión Europea, impide dispensarlle un trato financeiro privilexiado á televisión pública, que compite coa privada. Créase, deste xeito, un

círculo vicioso no que a pugna por capta-las máximas audiencias, para obter así a cota de publicidade máis importante, acaba por influír negativamente nos contidos televisivos dunhas e doutras empresas.

Diagnosticada a enfermidade, a solución pasa por deslindar aquelas cadeas de televisión que han de cumprir efectivamente esa función servicial das que non a teñan asignada. E a partir de aí darlles entrada a mecanismos de financiamento tamén diferenciados. Aínda que a normativa comunitaria nesta materia, concretada na Lei 25/1994, do 12 de xullo, ó restrinxí-las posibilidades de publicidade e impoñer un ríxido sistema de cotas de difusión de determinadas obras, é un obstáculo engadido para atoparlle saída a este fundamental problema.

Por outra banda, as emisións de televisión de alcance local e por medio de ondas terrestres ou por medio do cable estiveron durante moito tempo "fóra da lei", e, polo tanto, prohibidas. Só a partir da STC 31/1994, do 31 de xaneiro, e aínda que unicamente para o caso da televisión por cable², a actividade tornouse libre e careceu de todo condicionamento no seu desenvolvemento coa excepción da necesidade da preceptiva autorización municipal para a ocupación do dominio viario.

Esta transformación da situación xurídica determinou, finalmente, e non sen grandes dificultades, a aprobación das Leis 41 e 42/1995, do 22 de decembro, reguladoras, respectivamente, da televisión local por ondas terrestres e das telecomunicacións por cable.

A televisión local por ondas terrestres caracterízase xuridicamente, segundo a citada Lei 41/1995, por tres trazos básicos: pola forma de emisión, que se realiza por medio de ondas electromagnéticas propagadas por unha estación transmisora terreal; por cinxirse a transmisión a un determinado ámbito territorial, concretamente ó núcleo urbano principal de poboación do municipio correspondente; e por tratarse de emisións dirixidas ó público sen contraprestación ningunha.

Pola súa parte, a Lei 42/1995, modificada xa nalgúns aspectos polo Real decreto-lei do 7 de xuño de 1996, de liberalización das telecomunicacións, cualifica, así mesmo, as telecomunicacións por cable e as redes que serven de soporte como un servizo público, a partir do cal organiza, tanto o seu establecemento ou instalación, como a prestación dos servizos, de acordo coa técnica concesional.

Fernández Farreres rematou a súa intervención referíndose á televisión por satélite. Modalidade esta de televisión que se regulou pola Lei 35/1992, do 22 de decembro –desenvolvida

² Para a televisión local por ondas terrestres a STC 88/1995 mantívose na ortodoxia da xurisprudencia constitucional na materia.

polo R.D. 409/1993, do 18 de marzo, que aprobou o Regulamento técnico e de prestación do servizo de televisión por satélite e do servizo portador do soporte dela-, e que obedeceu á posta en marcha do satélite Hispasat e á necesidade de regula-las súas utilizacións.

Toda esta normativa quedou derogada pola Lei 37/1995, do 12 de decembro, de telecomunicacións por satélite, que obedece, principalmente, ó proceso liberalizador que respecto do dito sector veñen marcando os órganos comunitarios europeos. A devandita liberalización determina, en primeiro lugar, que o servizo de telecomunicacións por satélite non ten xa a consideración de servizo público, polo que a prestación deste non require concesión administrativa, senón unha simple autorización, a cal lle corresponde outorgala ó Ministerio de Fomento en función da orde de presentación de solicitudes.

En todo caso, quedan excluídos da dita liberalización o servizo telefónico básico, os servizos de radiodifusión sonora terreal, os servizos de difusión de televisión regulados no Estatuto da radiotelevisión, a Lei da terceira canle e a Lei de televisión privada, e o servizo portador dos citados servizos de difusión.

Por outra banda, o Real decreto-lei 1/1997, do 31 de xaneiro, persegue substancialmente garantir que tódolos equipos que incorporen un sistema de acceso condicional destinado ós servizos de televisión dixital, con independencia do medio de transmisión, e que estean dispoñibles para o público en xeral, teñan capacidade para descodifica-los sinais e fosen homologados polo correspondente organismo europeo de normalización. Trátase, en última instancia, de evitar que o sistema de descodificadores que hai para utilizar constituía unha barreira efectiva de acceso ó mercado polos novos operadores.

■ O segundo relatorio das xornadas xirou arredor da cuestión "A armazón de protección de datos-busca de información en Portugal", e expúxoo D. Paulo C. Mota Pinto, profesor da Universidade de Coímbra.

Na súa intervención fixo fincapé no problema que supoñen os riscos do tratamento automatizado de datos persoais.

Os datos persoais son tratados e procesados na actualidade por entidades públicas e privadas, polo que se denominou a nosa sociedade como unha "sociedade de base de datos", datos persoais que poden ser utilizados por motivos económicos ou de control social.

Os perigos da toma e do procesamento de datos poderían concretarse na falta de calidade dos datos, na súa inexactitude, in-

corrección, no acceso de terceiros á información, na centralización de ficheiros informatizados e no procesamento dos chamados "datos sensibles", que poden afectar por exemplo ós antecedentes criminais das persoas, á súa saúde, á súa vida privada, etc.

O problema non se pode resolver só a través da simple prohibición da recollida e do procesamento de datos, senón que cómpre establecer condicións para a toma e o procesamento.

Dende unha perspectiva de análise económica, tanto a utilización incondicional dos datos persoais como a súa intervención libre teñen custos e beneficios: no caso da utilización incondicional, custos para a veracidade e incentivos para a revelación de datos persoais; no caso da utilización prohibida, custos para as actividades administrativas e empresariais que precisan para a súa eficacia do procesamento de datos. Polo tanto, cómpre establecer condicións para que os axentes económicos teñan que computa-la erupción da veracidade e das condicións propostas pola lei como un custo adicional e utilicen a información de forma máis discriminada, selectiva, e respecten os dereitos e liberdades da persoa.

No plano xurídico, causa un conflito entre a liberdade de información, entendida como liberdade de toma, tratamento, e procesamento de información para o exercicio dunha certa actividade, e, doutra parte, os dereitos e liberdades da persoa, sobre todo o dereito á vida privada.

Este problema foi confrontado no plano internacional. Os datos persoais formulan riscos en canto circulen incontroladamente e, como problema particular, preséntase o denominado "fluxo internacional de datos". Así, como exemplo, o profesor Mota Pinto puxo de manifesto que un só voo intercontinental entre Europa e Estados Unidos presupón o intercambio de varias centenas de datos persoais e pode acontecer que no país de destino dos datos o nivel de protección non sexa tan elevado coma no país de orixe destes.

Por isto, no ámbito internacional, o Consello de Europa tomou medidas a través de resolucións que declinaron posteriormente no convenio para a protección das persoas en canto ó procesamento de datos de carácter persoal de 1981. Este convenio estableceu algúns principios importantes en canto á cualidade dos datos, e introduciu por primeira vez a noción de "datos sensibles", ademais consagrou algúns dereitos, tales como o dereito de información, dereito de acceso ós datos, dereito de rectificación, dereito de protección, etc.

Por outra banda, o Consello de Europa aprobou unha convención xeral e desenvolveuna con recomendacións sectoriais

para datos médicos, datos utilizados para a investigación científica, mercadotecnia directa, seguridade social, etc.

Existen tamén liñas directrices da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) destinados á protección da personalidade no tocante ó fluxo transfronteirizo de datos persoais.

Máis recentemente, aprobouse no ano 1995 a Directiva comunitaria n.º 95/46/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de outubro, que versa sobre a protección de datos persoais e que debe ser transposta para os dereitos nacionais no prazo de tres anos, é dicir, ata o 24 de outubro de 1998; ademais permítese a adaptación nun prazo prolongado de doce anos para os datos que xa estean incluídos en ficheiros manuais.

A Directiva formulou o problema da relación entre a protección de datos e a liberdade de expresión, o cal ten relevancia en relación coa actividade dos medios. Existen bases de datos persoais en xornais que poderían formula-lo problema de saber se a utilización deses datos implica ou presupón o procesamento de datos persoais e se está sometido á lexislación xeral de protección de datos. Por isto a Directiva previu que os estados membros poidan establecer derogacións, excepcións, para o caso de procesamento de datos con fins xornalísticos ou de expresión artística. Así mesmo, previu un dereito de oposición ó procesamento dos datos e, en particular, unha disposición sobre decisións individuais automatizadas. De tódolos xeitos, a Directiva non é demasiado clara no tocante ó grao de automatización permitido.

Por outro lado, en Portugal o problema da protección de datos enfrontouse xa na Constitución de 1976. O lexislador constitucional portugués incluíu un artigo sobre a utilización da informática (artigo 35), que foi revisado dúas veces e no que hoxe se consagra, dunha parte, o dereito ó control dos datos persoais informatizados polo seu titular, e doutra parte, o dereito á non difusión dos datos persoais a terceiros, que aparece particularmente concretizado na prohibición da interconexión de ficheiros. Así mesmo, aparece regulado o dereito ó non procesamento dalgúns datos personalísimos, "sensibles", sobre condicións filosóficas ou políticas, filiación partidaria ou sindical, crenzas relixiosas, datos da vida privada, etc.

Aínda que o problema da protección de datos o encarase a Constitución portuguesa, o feito é que a Lei portuguesa de protección de datos é do ano 1991, Lei 10/91, do 29 de abril. Esta lei segue o modelo xeral das leis de protección de datos en Europa, que, como a lei portuguesa, comezan polo ámbito de apli-

cación, para defini-lo que son datos persoais e cáles son os procesamentos sometidos á lei; consagran un conxunto de dereitos individuais, tales como o dereito á información sobre ficheiros relativos á persoa, o dereito de acceso ó coñecemento dos datos, o dereito de corrección dos datos, etc., e establecen garantías funcionais con respecto á súa toma e procesamento, garantías sobre todo de vinculación coa finalidade da toma e do procesamento, e garantías institucionais.

As limitacións da lei portuguesa de protección de datos respecto da Directiva comunitaria son as seguintes:

■ Non se aplica a ficheiros manuais, polo que o ámbito de aplicación da lei debe ser revisado para permiti-la inclusión de tales ficheiros.

■ O principio do consentimento debe de incluírse tamén na Lei para que a recollida e o procesamento de datos sexan lícitos só nalgunhas circunstancias.

■ O réxime dos datos chamados personalísimos: para a lei portuguesa está totalmente prohibido, mentres que a Directiva o permite nalgunhas circunstancias.

■ O réxime dos fluxos de datos transfronteirizos.

Por outra parte, na práctica, a Comisión Nacional de Protección de Datos Persoais Informatizados en Portugal comezou a traballar no ano 1994 e pronunciouse sobre datos en moitas áreas: datos de institucións de crédito e sociedades financeiras, datos médicos, datos relativos ás peaxes das autoestradas, etc. Así mesmo, pronunciouse tamén sobre regulamentos de procedemento de datos en varias áreas: rexistro de doadores de órganos, rexistro de pacientes nas institucións de saúde, rexistro de infraccións ó código de circulación, etc.

En resumo, sobre a práctica do proceso de datos déronse pasos importantes na dirección adecuada, nembargantes segue existindo unha certa distancia entre o dereito previsto na lei e a realidade xurídica, polo que sería necesario que a Comisión Nacional de Protección de Datos fiscalice máis a aplicación da lei e imponha sancións nos casos nos que o procedemento de datos non sexa notificado ou non sexa do coñecemento da comisión.

Cando rematou a súa intervención, o profesor Mota Pinto presentou unha serie de cuestións sobre o problema da protección de datos no presente e no futuro próximo. Así, hoxe fálase moito das "estradas de información", de "información global", da "era da colectividade dos microordenadores", é dicir, dunha auténtica ameaza global, polo que a solución ó problema debe pasar ineludiblemente por un dereito uniforme, que sexa

aceptado globalmente, ou pola coordinación dos dereitos de protección de datos dos diversos países para intentar evitar esas novas ameazas nas redes informativas globais.

■ O seguinte conferenciante, D. Enrique Gómez-Reino y Carnota, catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela, disertou sobre "O acceso dos informadores ós documentos e arquivos administrativos".

Unha das esixencias do Estado democrático e de dereito é a transparencia da súa actividade; principio que se contrapón á regra de ouro do antigo réxime que era a do segredo. Non obstante, esta regra sobreviviu á Revolución Francesa ata hai, relativamente, pouco tempo.

Na Constitución española atópanse referencias suficientes para afirmar que a transparencia ou a publicidade da actividade estatal é un principio rector do Estado deseñado pola norma fundamental. O obxecto da intervención do relator circunscribeuse a un ámbito determinado desa actividade: a Administración, e isto por unha razón práctica, e é que a porcentaxe máis elevada da información se acumula en mans das administracións públicas.

O acceso á información administrativa garántese tecnicamente a través do recoñecemento dun dereito subxectivo na Constitución española (artigo 105.b); dereito que foi desenvolvido, tardiamente, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro (artigo 37), de forma cautelosa e desdebuxada en comparación con outros réximes xurídicos do noso contorno cultural. Por outra banda, como todo dereito, ten os seus límites, aquí expresamente consignados na Constitución. Destacan para estes efectos, a intimidade das persoas e o segredo do Estado.

Con respecto ó primeiro deles, é importante lembrar que as administracións públicas informatizaron tanto a súa documentación como os seus rexistros, polo que cómpre determinar, antes de que os informadores teñan acceso á información administrativa, qué tipo de datos sobre as persoas poden constitucionalmente as administracións públicas recoller ou acumular nos seus soportes informáticos. Tema que foi regulado na Lei orgánica 5/1992, do 29 de setembro.

Respecto do segredo de Estado, a Lei 9/1968, do 5 de abril, reformada no ano 1978, que o regula, quedou obsoleta.

Finalmente, Enrique Gómez Reino manifestou en parcelas determinadas da acción administrativa, como o medio ambiente, se regulou, recentemente, a través de esixencias comunitarias, o dereito de acceso á información nesta materia.

■ A sesión da tarde do día 19 comezouna D. Josep Gifreu Pinsach, catedrático de teoría da comunicación da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, cunha reflexión sobre "As políticas de comunicación en Cataluña: balance e perspectivas".

Iniciou o seu relatorio cunha breve introducción sobre a evolución das políticas de comunicación en Cataluña dende a toma de posesión de D. Jordi Pujol como presidente da Generalitat, hai dezasete anos, e os sucesivos gobernos de CiU nas súas catro lexislaturas, recordando as palabras de D. Jordi Pujol no seu primeiro discurso de investidura:

Teño que referirme de xeito especial ó tema dos medios de comunicación, que é decisivo de cara a conseguila normalización da lingua e a cultura catalanas. Neste sentido aproveitaremos ó máximo as posibilidades do Estatuto tanto para a creación dunha radio e dunha televisión propias, como para o soporte da liberdade de iniciativa (...). Pero será no campo da televisión onde levaremos a cabo unha das accións máis enérxicas do noso Goberno, porque é neste punto, máis ca en calquera outro, no que xogámo-lo noso ser como cataláns: o estatuto prevé a concesión do Estado á Generalitat dunha terceira canle, pero xa dende agora reclamámola aplicación da transitoria oitava que prevé que, mentres non funcione a terceira canle, RTVE terá que crear unha programación específica para Cataluña, a cal obviamente terá que responder non só á nosa realidade como pobo, senón á necesidade que temos de que a TV deixe de ser un instrumento de desnacionalización.

Os bos propósitos do primeiro presidente da Generalitat de Cataluña tiveron que agardar algúns anos para verse un pouco correspondidos.

Seguidamente, Gifreu Pinsach dedicoulle unha breve consideración ó réxime de distribución de competencias en materia comunicativa entre o Estado e a Generalitat de Cataluña e manifestou que a distribución de competencias en materia de comunicación social entre o Estado e as comunidades autónomas se rexe polo bloque constitucional, que comprende o artigo 149 da Constitución española e o articulado específico de cada Estatuto de autonomía (o artigo 16 do Estatuto de autonomía de Cataluña, neste caso).

A Constitución reserva para o Estado as competencias exclusivas (artigo 149.1.27) sobre *normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de tódolos medios de comunicación social, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución lles correspondan ás comunidades autónomas*. Tales facultades, polo menos en parte, asumiunas o Estatuto catalán no seu artigo 16³.

³ Artigo 16 do Estatuto catalán: "1. No marco das normas básicas do Estado, correspóndelle á Generalitat o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de radiodifusión e televisión nos termos e casos establecidos na lei que regule o Estatuto xurídico da radio e da televisión.

2. Igualmente, correspóndelle, no marco das normas básicas do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de prensa e, en xeral, de tódolos medios de comunicación social.

3. Nos termos establecidos nos apartados anteriores deste artigo, a Generalitat poderá regular, crear e mante-la súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, tódolos medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins".

A promulgación do Estatuto da radio e televisión (ERT) por Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, marcou o teito competencial e estableceu o cadro interpretativo das facultades que o Estatuto catalán se impuxera en materia de radio e televisión no seu artigo 16.1. Entre as disposicións de carácter xeral do ERT que afectaban directamente –e que afectan aínda– ás competencias autonómicas cabe mencionalas seguintes:

■ Os servizos de radiodifusión e televisión son cualificados de “servizos públicos esenciais”, dos cales a titularidade lle corresponde ó Estado (artigo 1.2), co que a Generalitat só podía aspirar a obte-la xestión por concesión, non a titularidade.

■ A titularidade estatal refírese explicitamente a: radiodifusión, é dicir, toda produción e difusión de sons mediante emisións radiofónicas a través de ondas ou cable (artigo 1.3); a televisión, é dicir, toda produción e transmisión de imaxes e sons simultaneamente a través de ondas ou cable (artigo 1.4).

■ As disposicións de tipo técnico do ERT tamén constitúen normas básicas do réxime dos servizos públicos de radio e televisión, que serán de aplicación “en todo o territorio nacional” (artigo 2.1).

■ Será facultade do Goberno central a concesión ás comunidades autónomas, logo da autorización por lei das Cortes, da xestión directa dunha canle de televisión de titularidade estatal (artigo 2.2).

■ A organización e o control parlamentario da terceira canle de TV, así como a estruturación da canle, articularanse orgánica e funcionalmente de acordo cos criterios establecidos nos artigos correspondentes do ERT (artigo 2.3).

■ Correspóndelle ó Goberno central a atribución de frecuencias e de potencias, logo do informe dos servizos técnicos de RTVE (artigo 2.4 e disposición adicional primeira).

Á parte das referidas limitacións impostas polo ERT sobre as facultades autonómicas en televisión, hai que subliñar tamén outra serie de consecuencias negativas para a capacidade de intervención política da Generalitat en radio e TV: a non atribución de competencia ningunha ás comunidades autónomas para controlar ou fiscalizar dalgún xeito as actividades das empresas do ente público RTVE. En cada comunidade, o responsable máximo da RTVE é o delegado territorial, nomeado polo director xeral do ente (artigo 14.1). Só se prevé a creación dun “consello asesor” da RTVE en cada comunidade (artigos 14.2 e 15).

Por outra banda, respecto das principais actuacións acaecidas no campo dos medios entre os anos 1980 e 1997, Gifreu Pinsach destacou as seguintes:

a) Creación da Corporación Catalana de Radio e Televisión (CCRTV)

A creación da televisión catalana (TVC), amparándose nas previsións da concesión por parte do Estado dunha terceira canle, foi a primeira e ata o presente a máis importante decisión de política comunicativa do Goberno da Generalitat.

A Lei 10/1983, do 30 de maio, creou o ente público CCRTV e regulou os servicios de radiodifusión e televisión da Generalitat. Esta lei atribúelle ó ente CCRTV as funcións da Generalitat en materia de radio e televisión, e será no inmediato futuro punto de referencia para a creación dos demais entes públicos autonómicos de radio e televisión.

A lei facultaba ademais o ente CCRTV para crear empresas públicas filiais en forma de sociedade anónima, con capital integramente subscrito polo mesmo ente, pero rexidas polo dereito privado. Créanse concretamente dúas sociedades: a de televisión, que adoptará a marca e logo de "TV3" para a canle televisiva, e a de radiodifusión. Máis adiante, o Goberno aprobará a creación de tres novas sociedades anónimas filiais do ente, con fins comerciais no ámbito audiovisual⁴.

b) Creación de TV3

Durante o verán de 1982, Pujol decidiu controlar máis de cerca o proxecto da terceira canle e fixo depender da Presidencia as competencias sobre radio e televisión que ata entón dependían do Departamento de Cultura e Medios de Comunicación. O Goberno nomeou o primeiro director xeral do ente, D. Jaume Casajoana, e o primeiro director de TV3, D. Alfons Quintá, ós que lles correspondeu a responsabilidade principal na posta en marcha do proxecto, con independencia das negociacións con Madrid para a obtención da concesión da terceira canle. A comezos de 1983, o Parlamento aprobara por unanimidade unha dotación extraordinaria de 4.801 millóns para a posta en marcha da radio e da televisión públicas.

A terceira canle catalana, que adoptaría a marca "TV3", podía comezar a emitir dende setembro de 1983, mais iniciou as súas emisións regulares o 16 de xaneiro de 1984.

Tralo primeiro período de probas, o 7 de outubro de 1983 constituíase perante notario a empresa Televisió de Catalunya, S.A., filial da CCRTV.

As expectativas creadas por TV3 víronse confirmadas de inmediato polo entusiasmo popular, a calidade e a frescura da programación, o interese e o bo facer dos profesionais, e, en xeral, polo grande consenso político e civil que suscitou o proxecto.

⁴ Vid., Resolución de Presidencia do 14 de xuño de 1988.

Dado que o financiamento de TV3 é mixto, o rápido achemento de fondos procedentes da publicidade ofrece outro índice do éxito comercial da canle catalana, o que demostra a alta competitividade da empresa televisiva.

c) Creación da Canle 33

Cinco anos despois da inauguración en período de probas de TV3 comezaba a emitir as súas primeiras probas pola canle 41 a segunda canle de TV3, que adoptaría o nome de Canle 33. As probas interferían a TVE seguindo ordes da Dirección Xeral de Telecomunicacións, por considerar que se estaba invadindo unha frecuencia reservada para a televisión privada.

A iniciativa de creación dunha segunda canle de TV3, explicitada por primeira vez polo secretario xeral de CDC, D. Miquel Roca, en novembro de 1987, respondía á estratexia nacionalista de compensar a aparición das televisións privadas, previsiblemente todas de cobertura nacional e en lingua castelá. O conflito pola suposta invasión das frecuencias superouse ó cambiar de canle de emisión, pero o conflito foi máis político ca técnico.

d) Promoción da FORTA

Despois da promulgación da Lei da terceira canle e á vista da incoherencia entre algúns dos seus contidos e a dinámica política e profesional das televisións vasca, catalana e galega, que levou a cataláns e a vascos a crearen unha segunda canle sen lei de concesión ningunha, e perante a inminente aparición das canles privadas, as canles autonómicas propuxéronse novas formas de acción para a defensa dos seus intereses. Así, coa activa promoción da CCRTV, fundouse o 5 de abril de 1989 a FORTA (Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos), na marxe da Lei da terceira canle. Integrada polos entes autonómicos de Andalucía, Cataluña, Euscadi, Galicia, Madrid e Valencia, a FORTA é unha federación con personalidade xurídica sen ánimo de lucro, que se rexe pola Lei de asociacións do ano 1964 e polos seus respectivos estatutos, e que ten por obxecto a cooperación sobre todo na adquisición de dereitos de propiedade intelectual, de retransmisións deportivas e culturais, intercambios de programas e servizos, recepción de servizos e transmisións, participación en organizacións profesionais, etc.

e) Creación do grupo de emisoras de radio da Generalitat

O grupo de emisoras radiofónicas da Generalitat formouse a partir da sociedade anónima de radiodifusión creada pola Lei de 1983 de creación da CCRTV. A primeira emisora e aínda hoxe o buque insignia da radiodifusión pública en Cataluña e en ca-

talán, foi Catalunya Radio, de carácter xeneralista, que comezou a emitir en xuño de 1983. Ó ano seguinte, a emisora da antiga Asociación Nacional de Radiodifusión cedeulle os seus dereitos de explotación á Generalitat, é dicir, á CCRTV, e co indicativo RAC-105 ofrece música pop. No ano 1987, a sociedade crea a terceira canle, Catalunya Música, dedicada á música clásica. E no 1992 lanza ó aire a súa cuarta canle, Catalunya Informació, de noticias ó longo das 24 horas. Queda así formado o grupo de catro emisoras públicas da Corporación, financiadas con publicidade e orzamento público.

f) A promoción da prensa en catalán

A área de promoción de prensa da Administración catalana integrouse sempre dentro do organigrama do Departamento de Cultura da Generalitat. Ata o ano 1982 o papel do servizo de prensa limitouse a xestionar as axudas xenéricas do Estado á prensa diaria editada en Cataluña. Pero a partir do 1983, coa aprobación da Lei 7/1983, do 18 de abril, de Normalización Lingüística en Cataluña, o departamento de Cultura emprendeu unha política específica de axuda e subvencións á prensa en catalán (diaria, semanal ou especializada).

En todo caso, os resultados da política de catalanización da prensa non poden considerarse satisfactorios, sobre todo no subsector da prensa diaria de grande difusión no que só hai un diario en catalán, *Avui*, cuns índices de difusión inferiores ó 10% do total da prensa diaria.

g) Previsións para a televisión por cable

No marco da prolixa discusión da política estatal sobre telecomunicacións por cable que deu lugar á Lei 42/1995, do 22 de decembro, a Generalitat mantivo un pulso satisfactorio co anterior Goberno socialista para controlar algúns aspectos importantes na implantación do cable. Entre eles, a intervención da Generalitat na configuración das demarcacións territoriais e na concesión das licencias ós operadores, e unha certa capacidade de establecer requisitos de programación.

O novo goberno do PP retomou o tema, ademais modificou a mencionada Lei co Real decreto-lei 6/1996, do 7 de xuño, de Liberalización das telecomunicacións, e co R.D. 2066/1996, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento técnico e de prestación do servizo de telecomunicacións por cable.

A Lei catalana 8/1996, do 5 de xullo, de regulación da programación audiovisual distribuída por cable, desenvolve a normativa básica estatal da mencionada Lei 42/1995. Por unha banda, asume e desenvolve as competencias sobre os operado-

res de cable, a programación audiovisual e o réxime sancionador, con especial atención á calidade e pluralidade da programación, así como á protección da lingua catalana. Por outra banda, crea un novo organismo, o Consello Audiovisual de Cataluña (CAC).

h) Radio e televisión local

O impulso e o desenvolvemento de experiencias de comunicación local en radio e televisión atopou nas corporacións locais o seu máximo avalador.

A partir das primeiras eleccións municipais de 1979, foise ampliando e consolidando o movemento das radios municipais en Cataluña, agrupadas no organismo EMUC ata o ano 1994. O Plan técnico nacional de radiodifusión sonora de 1989 en FM reservou unha fracción da banda para emisoras municipais, e, no ano 1991, senlleiras leis do Parlamento catalán e das Cortes Xerais aprobaron a súa lexislación básica, que o R.D. do 23 de outubro de 1992 desenvolve.

A aparición das emisoras de televisión local en Cataluña debeuse en moitos casos á iniciativa privada. O Parlamento catalán aprobou no ano 1994 unha proposta de lei de recoñecemento e regulación que trasladou ás Cortes Xerais, na que se consideraba a TV local como un servizo público xestionado por concesión da Administración autonómica. Finalmente foi aprobada a Lei 4/1995, do 22 de decembro, de Televisión local por ondas terrestres, que lles dá prioridade de explotación ós municipios e a posibilidade dunha segunda canle privada no caso de dispoñibilidade de frecuencias. O Goberno da Generalitat asumiu e regulou o réxime xurídico das televisións locais co Decreto de Presidencia 320/1996, do 1 de outubro.

■ O quinto relatorio das xornadas correspondeulle a D. Jesús Timoteo Álvarez, catedrático da Universidade Complutense de Madrid, que abordou o tema "A comunicación institucional: novos horizontes".

As últimas tendencias en comunicación institucional defíneas o relator como "vendendo sensibilidade".

No eido das institucións produciuse nos últimos quince anos unha importante transformación relativa á introducción nelas dos conceptos de competitividade e sensibilidade, derivada de dous efectos: a permanente restricción dos orzamentos dedicados ás institucións e o constante incremento de esixencias e de demandas por parte do usuario.

A continuación o relator expuxo unha serie de modelos que reflecten a citada transformación:

1. Modelo clásico: é o modelo soñado por calquera político, en canto supón un control absoluto e directo sobre o territorio.

2. Modelo demoscópico: desenvolvérono as grandes corporacións, e aplicárono posteriormente moitos partidos e corporacións consolidados. Trátase dun modelo práctico que arranca dos orzamentos da mercadotecnia.

3. Modelo de crise ou de grupo de cerebros: Está pensado para situacións de crise. Consiste basicamente nun grupo moi reducido de persoas que toman decisións de xeito moi rápido e que marcan as liñas estratéxicas da institución, manteñen totalmente na marxe os órganos clásicos. A súas vantaxes son, polo tanto, a rapidez na toma de decisións, a eficacia e os bos resultados; e o seu inconveniente máis importante é que se trata dun sistema válido só a curto prazo.

4. Modelo de organizacións non consolidadas, de institucións en fase de consolidación, que teñen que recorrer a un traballo horizontal ou permanente de consenso. A vantaxe deste modelo está en que estas institucións teñen moi boas perspectivas a medio prazo, e o seu inconveniente é a lentitude e a retardación que supón o exercicio democrático día a día.

5. Modelo creado por Villalonga á fronte de Telefónica. O *staff* de persoal de dirección de Telefónica está formado por un presidente e catro grandes directores xerais. Estes catro grandes directores xerais son:

- Director de estratexia e planificación.
- Director de coordinación e control de produción.
- Director de finanzas.
- Director de comunicación.

Polo tanto, os catro instrumentos básicos de decisión estratéxica nunha grande corporación son a estratexia e a planificación, o control da produción, as finanzas e a comunicación. Non obstante, a rendibilidade das grandes corporacións maniféstase sobre todo nas finanzas e na comunicación.

Dentro da dirección de comunicación hai dous sectores analíticos e catro ou máis sectores de aplicacións.

Respecto das liñas evolutivas destes modelos, a oferta dende institucións ou partidos políticos vén marcada, cada vez máis, pola influencia das grandes corporacións. Dende o comezo dos anos oitenta son as grandes corporacións as que definen a estratexia de comunicación dos partidos políticos.

Por outra parte, Timoteo Álvarez puxo de manifesto a relevancia dos estudos de Newman nesta materia. Así, Newman es-

tudia as eleccións de Bill Clinton dende a perspectiva do que el chama o *Marketing Concept* ou concepto mercadotecniciano da actividade pública. A idea de Newman baséase en que os grupos políticos teñen que seguir e copia-las estratexias que na actualidade están a dar bo resultado no ámbito comercial: crear opinión e gañar mercado de votantes utilizando as técnicas de mercadotecnia.

Nesta perspectiva, a aplicación dos conceptos mercadotecnicianos á actividade institucional ou política xera catro territorios de perigo ou de importantes dificultades para as institucións ou partidos políticos:

1. *A síndrome do dinosaurio.*

Unha institución concreta tódolos seus esforzos no logro ou éxito inmediato, isto depende dos gustos do votante, das súas necesidades ou demandas inmediatas e dos resultados das enquisas; o seu maior problema é o desánimo xeneralizado, o igualitarismo á baixa, a síndrome do dinosaurio.

2. *As regras mortas da retórica política.*

Nos últimos douscentos anos un partido foi unha ideoloxía colectiva que ofrece un sistema de acción para levar a cabo un sistema de valores, os obxectivos do cal poden alcanzarse con consecuencias secundarias radicais e sen importancia.

Así, durante cen anos de competencia electoral xeráronse prácticas retóricas que provocan, máis incluso que a vulgarización da utopía, a anulación inmediata e, polo tanto, a inutilidade e a paralización do sistema. Son:

- A tese do complot. Calquera proposta de innovación é o resultado directo do deseño e manipulación de individuos ou grupos poderosos.
- O voluntarismo. Os obxectivos que o axente político busca non poden lograrse no sistema que el mesmo propón.
- A profecía inevitable ou como unha innovación xera, sempre para o contrario, consecuencias destrutivas.
- A fatalidade ou "toda boa acción merece o seu xusto castigo", é dicir, calquera innovación leva implícita unha cadea de desaxustes, de ruptura de equilibrios, que logrará que, ó final, sexa peor o remedio cá enfermidade, ou que, o que se gaña por unha parte, se perda por outra.
- A inutilidade de calquera innovación ou o "todo cambia para que todo siga igual". Os que se empeñan en innovar son en realidade persoas que buscan o seu propio e inmediato interese, colocarse e volver ás antigas regras.

3. *Os medios como goberno na sombra.*

"La fe en la opinión pública llegará a ser una especie de religión en la cual la mayoría será el profeta" (Tocqueville). Os partidos caeron na "Sondomanía" e os estados en "Estados-Polaroid" (A. Minc), prisioneiros do culto da instantánea, máis escravos da opinión que titores da sociedade.

4. *A medición de eficacia ou control de efectos.*

Do que se inviste en publicidade pérdese o 50%, pero descoñécese cá é o 50% inútil.

Como conclusión, o relator rematou a súa intervención cualificándoa de técnica.

■ D. Carlos Zeller Orellana, profesor da Universidade Autónoma de Barcelona, clausurou a primeira xornada cunha exposición sobre "Políticas de comunicación: estado da cuestión".

Segundo o relator, calquera analista das cuestións públicas que observase o contido actual dos medios de comunicación podería concluír que estamos fronte a unha auténtica revolución no deseño e aplicación das políticas de comunicación. Sen embargo, unha mirada imparcial sobre as últimas decisións adoptadas en relación co sector audiovisual amosa, máis ben, unha continuidade estrutural, se ben se deu un claro reordenamento das preferencias políticas en relación cos diferentes núcleos comunicativos que forman o sistema español de produción cultural e de comunicación.

A continuación, Zeller Orellana fixo unha referencia expresa ós conflitos que puidesen orixinarse en torno á política de comunicación.

O deseño e a aplicación dunha política de comunicación, como calquera política pública, será por definición conflictivo na medida en que implica obrigadamente atribuír recursos escasos e organiza-la produción de bens públicos que resultan fundamentais na estruturación da sociedade.

A natureza destes conflitos é complexa na medida en que son os seus protagonistas por actores políticos, económicos e sociais que teñen status moi desiguais.

Así, de acordo co relator, no proceso de definir unha política de comunicación danse dous tipos de conflitos que enfrontan os actores nunhas liñas de fronte moi especiais:

1. Existe un conflito sistemático que enfronta uns actores sociais difusos e escasamente estruturados cos actores económicos e políticos no proceso de organiza-los recursos comunicativos e o consumo cultural seguindo pautas democráticas.

2. Os conflitos que se dan en torno á definición da política de comunicación entre actores políticos e económicos.

Por outra parte, as políticas de comunicación, e especialmente as audiovisuais aplicadas en España, abordaron esencialmente tres tipos de problemas de natureza e tempo de desenvolvemento diferente:

1. Políticas de longo prazo, que teñen incidencia estrutural no medio e no sistema comunicativo no seu conxunto. Por exemplo, Lei de televisión privada de maio de 1988 ou a Lei que regula a terceira canle.

2. Políticas de medio prazo. Relacionadas principalmente co desenvolvemento de sectores conexos ós medios pero que resultan imprescindibles para o normal funcionamento destes. Por exemplo, o desenvolvemento dunha industria de programa que asegure o funcionamento da televisión.

3. Políticas de curto prazo ou de ordenación. Ocúpanse de regular situacións non previstas no deseño das políticas estruturais ou ben disfuncións xeradas no transcurso do desenvolvemento destas políticas.

A competencia entre actores económicos foi moi dura, pero non se deu só no "mercado". A competencia deuse tamén no proceso de obter de maneira preferente recursos e apoios procedentes da Administración.

En definitiva, e en relación coa televisión dixital, tralas duras batallas en curso ningún contendente cuestiona a organización que ten que te-la televisión pública, a natureza dos aliados atopados polos grupos privados e públicos, o papel reservado ás grandes multinacionais, a racionalidade da opción tecnolóxica-cultural, de maneira que é a partir destes puntos comúns dende os que se organiza a competencia, pero esta pode ser tamén a base da súa "superación", o punto de partida para alcanzar acordos que hoxe parecen imposibles.

Zeller Orellana rematou a súa reflexión afirmando que calquera intento de transformala política de comunicación nun instrumento de racionalización dos recursos comunicativos pasa por articular un auténtico debate público acerca de cál é a forma máis racional e xusta de organiza-los recursos comunicativos que existen na sociedade.

■ D.^a Margarita Ledo Andión, catedrática da facultade de Ciencias da información da Universidade de Santiago de Compostela, iniciou a xornada do día 20 cunha disertación verbo das "Tendencias en comunicación: trinta anos de *reality-show*".

A realidade como realidade multicultural, entende-la televisión coma o medio que nucleará a multimedia e a televisión

pública fronte ó seu papel político, é dicir, unha televisión aberta a toda a sociedade sen discriminación, pluralista, que afirme os códigos profesionais e a calidade pero tamén a innovación de programas, tecnoloxía e competitividade, son trazos que definen as tendencias en comunicación, coma o é a comprensión da televisión como un ben público que inflúe, ennobrece ou degrada a vida de toda a sociedade (Hirschmann) ó tempo que é o medio máis sinxelo, cómodo, económico e accesible para coñecer (Wolf).

A relatora, como base e fundamento da súa exposición, puxo de manifesto que un dos produtos significativos da televisión hai trinta anos se orixinou na televisión pública. Pertence ó macroxénero información. É o *reality-show*.

Os feitos, procesos, persoas e fenómenos como primeira materia e como referente para a información e para a ficción, acompañan o discurso realista que se vai definindo na historia da representación e nos medios de comunicación.

As súas cualidades, "as cousas tal como son", serán a credibilidade e a popularidade, convértense no modo natural de entender-lo mundo e, acollen a aparencia do real. A descrición, reflexo do real, adquire estatuto de verdade e a partir del xéranse as convencións informativas e o discurso xornalístico, con base no ideal de obxectividade, novidade, interese e no afastamento entre a ficción e a realidade, mentres coinciden no relato, no modo de ser contadas as historias e as novas.

Os perfís do narrador, do xornalista, segundo a clasificación de Norman Friedman, van dende a omnisciencia editorial ata a múltiple e entran sen filtración cando o medio do que falamos é a televisión, e cando o xeito é o directo-directo.

Cúmrense trinta anos dun dos relatos especificamente televisivos, o *reality-show*, que introduciu unha nova forma de facer televisión e un modelo novo de espectador. A tríade información-ficción-entretenemento establecen, no *reality-show* ou na *tele-verdade*, unha nova trama de relacións.

En Europa son as televisións públicas as creadoras do xénero, a partir do modelo clásico do xornalismo de investigación, co programa *Dossier XY* da cadea 1 alemana, no ano 1967. A fórmula reaparece en *Crimewatch*, da BBC, no ano 1983, e na TF1 con *Psico-show*, no 1987.

Na primeira etapa ou *reality-show* intégrase como servizo cunha concepción da esfera pública como de representación institucional (Habermas). A partir dos anos noventa pénsase como mediación co tecido social que "se representa" a través da televisión.

■ Para remata-las xornadas realizouse unha mesa redonda na que se debateu sobre “A Administración e os medios de comunicación social” e nela participaron D. Pedro Hortas Ventura, director do Gabinete de Comunicación da Consellería de Cultura e Comunicación Social, D. Diego Bernal López, delegado da Axencia EFE, D. Alfonso Sánchez Izquierdo, director de *La Región*, D. Luis Pousa Meréns, subdirector de *O Correo Galego*, e D. José Luis Vilela Conde, subdirector de *La Voz de Galicia*.

Pedro Hortas, que actuou como moderador da mesa-debate, despois de presentar dilixentemente a cada un dos participantes, realizou unha breve exposición sobre o tema a debater, e salientou a relevancia e o interese social dos gabinetes de comunicación, en particular o Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia, que xustifican a súa existencia polo seu papel de mediadores sempre veraces de información.

Diego Bernal puxo de relevo o esforzo e profesionalidade dos medios de comunicación, malia a influencia e as presións de que son obxecto por parte dos partidos políticos.

Alfonso Sánchez comentou que o avance comunicacional que as administracións públicas no seu conxunto fixeron nestes últimos anos é verdadeiramente notable. Así, as administracións contan hoxe en día cunha percepción, dende os altos niveis políticos, de cáles son as esixencias da sociedade mediática na que vivimos, e os gabinetes de comunicación ou de prensa das distintas administracións públicas figuran entre os mellor dotados en medios e recursos dos que operan na complexa sociedade actual e son en xeral os que mellor traballan.

Pero esta positiva base material de partida atópase limitada por dous factores determinantes: por un lado, a dependencia duns obxectivos políticos marcados dunha forma máis precisa e esixente cada día; e por outro lado, a inercia existente nos niveis baixos e medios do funcionariado.

Non obstante, segundo o interveniente, cabe mellorar nos catro aspectos citados e sempre cun grao de tensión estimulante e cun nivel de controversia que de ningunha maneira se debe eliminar.

Pola súa parte, Luis Pousa comezou por explica-lo concepto da comunicación, que consiste en poñer en relación a emisores e receptores a través do obxecto da comunicación. En palabras de George Friedman, “a comunicación é a transferencia de información por medio de mensaxes”.

Seguidamente, desenvolveu brevemente a historia e a tradición dos gabinetes de comunicación nas diferentes administracións e puxo de manifesto que os gobernos democráticos teñen

o dereito e o deber de facer publicita-la súa política tanto no interior coma no exterior, pero informando sempre obxectivamente o público.

Para afondar no tema, José Luis Vilela manifestou que os gabinetes de comunicación contan o que consideran beneficioso para os seus intereses ou para os intereses do partido político que está no poder e os xornalistas teñen que buscar unha información máis fundamentada, "de primeira man". O que cambiaría as tendencias na relación entre os gabinetes de comunicación e os medios de comunicación sería conseguir que eses gabinetes fosen realmente gabinetes ó servizo dos medios de comunicación e non ó servizo das propias administracións.

Despois de expoñer cada un dos participantes as súas impresións sobre o tema de comentario, abriuse un intenso coloquio coa sempre gratificante intervención do público presente nas xornadas. No fondo do coloquio latexaba a idea da marcada influencia que a Administración correspondente exerce sobre os medios de comunicación e as consecuencias desencadeantes que tal feito provoca na sociedade.

As xornadas clausurounas D. Darío Villanueva Prieto, rector da Universidade de Santiago de Compostela, e D. Jesús Pérez Varela, conselleiro de Cultura e Comunicación da Xunta de Galicia.

Villanueva Prieto destacou o cumprimento na personalidade dos xornalistas, calquera que sexa o seu medio, dunha alianza sólida e nobre, de profundas raíces éticas, entre palabra e realidade.

Pola súa parte, Pérez Varela fixo fincapé no feito de que a Administración e o xornalismo, ás veces, son dúas caras contrapostas da mesma moeda, pero os xornalistas deben de entender que na actualidade as administracións públicas constitúen unha forma importante de facer xornalismo.

Por último, tanto un coma outro congratuláronse do éxito das xornadas e manifestáronlle-lo seu agradecemento ós participantes e organizadores delas, así como á Escola Galega de Administración Pública pola súa iniciativa.

Do conxunto dos relatorios comentados na presente crónica dedúcese o acertado da realización destas xornadas, por canto supuxeron un punto de encontro e de debate de cuestións, que se ben ninguén discute nun plano teórico da súa formalización como dereito fundamental, son obxecto de constantes e de di-

versos ataques na realidade práctica. É a sociedade, a que, a través dos instrumentos legais e do desenvolvemento da propia liberdade de expresión, exercita a súa defensa.

A liberdade de información ten un dobre obxecto dentro da sociedade, por un lado o sentido de comunicar, e por outro o de recibir comunicación, sendo ámbolos dous dereitos recíprocos e igualmente importantes para un desenvolvemento integral da sociedade democrática. 